

APUNTE

Na praza inversa do ceo,
ritmos puros: anduriñas
xogando á comba co vento.
Unha,
 duas,
 tres,
xogando sempre ao revés.

ASTURIAS

No corazón te levo, doce Asturias,
prendida en voces rexas que me falan
de unha vaqueira infinda que se alonxa
polas canles da brétema e das cumes.

Irmá da miña terra, Asturias miña,
condecorada estás de neves puras,
de prados e pomares, brancos ríos,
ríos de tinta amarga coma a noite
fuxindo cara a mar dos peixes libres.

Un vento acompasado en danza prima
penta o teu sono feito de ababoles.
Os teus mineiros levan sobre os ollos
cantigas de mencedes e de xanas.

Unha frol arrincaches e ma deches
-xardín de Dios- no tempo da tristura.
Coas estrelas a gardo coma un soño
baixo a paz do Señor, eterna fonte,
Asturias miña, patria amante e rexa,
irmá da miña terra, vella língoa
cun doce son de gaita estremecida.

VIAXE AO PAÍS DOS ANANOS

1

Eu, Gulliver Ferreiro, bon galego,
solemnemente digo:
Esilado na miña propia Terra,
canso de ollar as mesmas torres sempre,
farto de ver as mesmas caliveras
-fasquía de vivir pecho nun sótano-
quixen seguir o rumbo do meu pobo,
o éxodo sin fin dos emigrantes.
Troquéi os lares patrios
polos eidos alleos
e percorrín o mundo coma un nómada
compañeiro do vento e das estrelas.
Camiñéi á ventura,
naveguéi día e noite, mar adentro,
paséi as illas páledas,
vin o peixe voador i os arroaces,
deixéi á esquerda as augas dos Sargazos,
cheguéi ás moles praias do mar quente,
do eterno vrau vestido de bikini,
choutando pola area.
(Veda Woodlake decía quedamente:
“O mar non é un camiño innumerábel;
é un gran corazón abandonado”.)
Non quixen escoitar
teus cantos de sereia,
Veda Woodlake. Buscaba
aos meu irmáus perdidos. Rosalía
choróu por iles bágoas de esperanza.
Curros berróu os seus trenos inmorrentes
i eu mesmo un día dixen (mália a hora!)
que os nosos emigrantes
“erguen seus urros ceibos e labouran
cos músculos encheitos de esperanzas
lonxe da patria
cuberta de cadeas e de tombas.”

EIQUÍ SERÁ

Á memoria de Aquilino Iglesia Alvariño

Quero morrer eiquí (cando me chegue
a hora da viaxe que me agarda).
Eiquí neste silencio
de pombas arroladas,
neste vento que dorme nos piñeiros
un profundo soño de arelanzas.
Quero morrer eiquí cos ollos postos
no fumegar das tellas, na borralla
do tempo, frente a frente
de mín, aberta a ialma
aos latexos das horas, nunha tarde
ateigada de arpas.
Van e veñen as nubes viaxeiras,
as anduriñas pasan.
O pandeiro da chuvia
repenica unha maina
melodía de outono,
que no roncón do río se acompasa.
Quero morrer eiquí. Ser sementado
nesta miña bisbarra.
Finar eiquí o meu cansancio acedo,
pousar eiquí pra sempre as miñas azas.

ALMA DA TERRA

Lonxana Celanova vinculeira,
torre ebúrnea da miña mocidade,
cando te lembro sai da súa toqueira
coma un furón de soños, a saudade.

Unha chuvia monótona e tristeira
cai decote na miña intimidade,
e sinto que unha sombra silandeira,
coma un solpor o meu espírito invade.

Quero voltar a ti, nai garimosa,
colo natal, arxila rumorosa,
pra acalar esta anguria que me berra

dende o fondo da noite estrelecida,
pedindo amor, pregando fe de vida
pra ser eternamente alma da terra.

Caracas 1971

SOLDADO

Xorxe, meu vello amigo,
¿cómo fuches parar á tropa?
W.H. Auden

1

Tiña os ollos azules poboados de preguntas
sobre o tempo i as colleitas. Seu pensamento
[estaba
cos segadores cantando no serán, ao comenzo
do solpor, cando a noite empeza a ser mociña.
Non comprendía os termos honorábeles,
nin as palabras encheitas de solemne soberbia,
nin aos homes aquelados de estúpida suficiencia
que se coidaban importantes
porque os seus devanceiros chegaron a señores
a forza de prostituírse, axionllarse e podrecerse.
Ouvía falar dos deberes co estado soberano,
das sacras institucións, do orde, da gloria
e lembrábase axiña do carballo que había
na porta do seu casal, alá na outa montaña,
perto do río que fungaba un laio monocorde
de escumas entre as pedras; lembrábase asimismo
do traxe esfarrapado do escolante loiro
que un día fora á guerra e non voltara;
e aínda se lembraba das maletas dos emigrantes
e das anduriñas que pasaban voando cara o sul.
Tiña o corazón cheo de verbas pequeniñas
coma cativas patrias ou pulsos latexantes.
Iletrado e sinxelo, gardaba a sabencia dos bosques
e interpretaba o profundo vento que xeme na noite.
Decía con dozura as súas verbas antigas
e dempóis calaba pra escoitar o silencio
do mundo, dilatado e inmenso coma unha chaira.
Abría as maus labregas,
que agora empuñaban un fusil,
e púñase a miralas con atención lenta e teimosa.

2

De súpeto, nos límites lonxanos do horizonte
fitou o resprandor dunha cidá en chamas
semellante a un remoto mencer amarelo.
De enriba baixou un rumor de treboada,
un xordo bruído de río enrabexado,
coma un rouco balbordo cubrindo a paisaxe.
Oubeóu un can nos arrabaldos,
e comenzaron os lóstregos.
O fume,
coma unha palmeira gigantesca
abriu os seus brazos ardentes
i esparexéu pola bóveda celeste
un escuro anuncio de morte.
Asubíos e lóstregos.
Os paxaros da tarde
caíron mortos cal follas de outono.
A sireia da fábrica erguéu o seu chifro
fendendo en dous anacos o día tépedo,
o día húmido e íntimo con sabor de beixo.
Lóstregos.

(Alcendeuse a bombilla.)

Unhas maus deformes afirmaron os cotobelos
no aire estremecido
e un retablo de caras esmaceladas,
mirando para o cumio, increparon aos dioses.
Queimada carne, pernas, pés, ferraduras...
Un touro asexante, coma un Minotauro perdido
nun laberinto de brazos, rostros, pernas, seos
[tumefactos,
muxía longamente.

(Apagouse a bombilla.)

Un cincel roto
proclamou a súa protesta.
Un cabalo
dislocado, desbocado, agallopou frenético
sobre os cascos de pedra e nitroglicerina.
Lóstregos.

Fedía a cortello misturado con cloaca e cofre.

(Alcendeuse, apagóuse a bombilla).

Viuse e non se viu unha paisaxe
de brazos, rostros, pernas, dedos,
tellas, seos, portas, aramios...
Lóstregos e os derradeiros estoupidos.
Dempóis, nada. Silencio. Un mesto silencio
de noite nevada ou de terra erma.
Xorxe, meu vello amigo:
tí que estás cos que sofren a historia
i en contra dos que a escriben,
¿cómo fuches parar á tropa?

3

Chegaron ás aforas da cidade
cubertos de borralla e de cansancio.
O teniente berróu “alto, ¿quén vive?”;
na inmensa soedá nasceron nardos.
O silencio da noite estremecida
era un longuísimo camiño branco.
As cartucheiras ían tintintín,
decían tintintín, marcando o paso.
Un bisoño decúbiteo supino
miraba para o ceo despiadado,
o fusil nunha mau,
na outra mau un saco.
O fillo da súa nai estaba morto,
groriosamente morto sobre un charco.
Tiña nos ollos vento. Preguntaba
cunha ollada azul de animal manso.
Xorxe, meu vello, meu eterno amigo,
dime no que estás pensando.

RAMÓN DE SISMUNDI MORRE NA TENDA

Triste Ramón de Sismundi,
sempre pechado en ti mesmo,
hoxe xa dono da tenda
basoiras soio pra dentro,
basoiras prá caixa forte,
basoiras cobros i arrendos,
pois o pó da estanteiría
basóiracho agora un neno
fillo da rúa, nacido
nas favelas de Palermo.

Triste Ramón de Sismundi,
sempre teimoso e segredo,
basoiras terra galega,
basoiras amor e vezos,
basoiras xabre de angurias,
basoiras cinza de esquezos,
borralla de lonxanías,
estrume de sentimentos,
basoira que te basoira
na dura roda do tempo.

Galicia, probe e borrosa,
xa non che turba o silencio.

CARTA Á MIÑA MULLER

Querida, non o esquezas, hai palabras
que é pecado decilas neste tempo.

Palabras que non debes pronuncialas,
nin xiquera pensalas, cavilalas,
tatexalas, gabalas, escribilas...

Moito menos berralas.

Esposa, toma nota e non esquezas:
non digas libertá palabra triste
con peligro de morte e calivera.

Si é certo que me queres nunca digas
esta palabra estúpida
que ten dentes e morde coma un lobo.

Non digas tan xiquera
as verbas derivadas,
por moi lonxano e vago
que sexa o parentesco etimolóxico,
como son, verbigratia, libertino,
liborio, liberata, libre cambio.

En troques di cadea, viva, viva,
si señor, moitas gracias, Dios llo pague.
¡Xa verás qué felices imos sere!

VINTECINCO ANOS DE PAZ

España, sangue e area:
trinta millós de farrapos
atados a unha cadea.

Todos levan sobre a faz
un carimbo de tristura:
vintecinco anos de paz.

Paz de cuartel, paz de preso,
paz de pobo asoballado,
paz de pau e tente teso.

Paz do conde de Fenosa,
gran cabaleiro da industria
que asulaga a terra nosa.

Paz de osario e cimiterio,
paz de chaira inhabitada,
paz de oprobio e cautiverio.

Paz de mazmorra e censura,
paz de mansos periodistas
lambecús da dictadura.

Paz de roubo financiado,
paz de pulpo monopolio,
paz de fusil apuntado.

Paz de bispo troglodita,
solideo insolidario,
don Oppas hermafrodita.

España, sangue e area:
trinta millós de pantasma
van pasando en estadea.

LONGA NOITE DE PEDRA

No meio do caminho tinha uma pedra
tinha uma pedra no meio do caminho
tinha uma pedra
no meio do caminho tinha uma pedra.

Carlos Drummond de Andrade

O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.
Os corazós dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.

ORACIÓN POLOS PARVOS

Señor Dios ten piedá dos probes parvos
que non sabemos ren de xeometría
i embobados na música celeste
esquecemos a fórmula
do binomio de Newton.

Imos andando a trancas e barrancas
adeprendendo as cousas tristemente
por iste mundo adiante que fixeches
en sete días só, según os libros.

Eu son un pouco parvo, ben comprendo.
Nunca poiden saber para qué sirven
moitas cousas escuras que consintes.
Humildemente quixen preguntar
preguntas pequeniñas coma seixos
sobre os grilos que cantan incansábeles
e os amores dos peixes,
pero sempre chegaban unhos homes
carregados de textos
e mazacotes grises sapientísimos,
con datas rigurosas, datos certos,
horribelmente certos, abafantes.
Mais ninguén me decía dos paxaros,
dos cávados, das froles, e desas nubes
que pousaches, Señor, sobre o meu teito.

Perdóanos, Señor, tanta parveza
e ten piedá de nós, dos probes parvos
que andamos os camiños das estrelas
cos ollos alcendidos
na bebedeira tépeda das fábulas.

E cando chegue a hora do Xuicio
á túa veira lévanos cos nenos,
cos santos inocentes, cos velliños,
e déixanos seguir ollando ao ceo,
modelando no vento doces sonos,
como Ti fas, Señor, dende o Principio.

DEITADO FRENTE AO MAR...

Língua proletaria do meu pobo,
eu fáloa porque sí, porque me gusta,
porque me peta e quero e dame a gana;
porque me sai de dentro, alá do fondo
dunha tristura aceda que me abrangue
ao ver tantos patufos desleigados,
pequenos mequetrefes sin raíces
que ao pór a garabata xa non saben
afirmarse no amor dos devanceiros,
falar a fala nai,
a fala dos abós que temos mortos,
e ser, co rostro erguido,
mariñeiros, labregos da lingoaxe,
remo i arado, proa e rella sempre.

Eu fáloa porque sí, porque me gusta
e quero estar cos meus, coa xente miña,
perto dos homes bos que sofren longo
unha historia contada noutra língoa.

Non falo pra os soberbios,
non falo pra os ruís e poderosos,
non falo pra os finchados,
non falo pra os valeiros,
non falo pra os estúpidos,
que falo pra os que agoantan rexamente
mentiras e inxusticias de cotío;
pra os que súan e choran
un pranto cotidián de volvoretas,
de lume e vento sobre os ollos núos.
Eu non podó arredar as miñas verbas
de tódolos que sofren neste mundo.
E tí vives no mundo, terra miña,
berce da miña estirpe,
Galicia, dóce mágoa das Españas,
deitada rente ao mar, ise camiño...